

ACTIVIDADES INGLÉS.

Tercer trimestre

Terceira semana

Hola familias! Velaquí tedes as actividades da terceira semana

As canles de comunicación seguirán sendo as mesmas: enviade as actividades ó correo electrónico dopicoingles@gmail.com e usade o Hangouts para resolver dúbidas ou complicacións de calquera tipo.

Recordade que **é moi importante que me envíedes o que o alumnado vai facendo xa que ó final de curso teremos que facer un informe individual.**

Infantil

Esta semana os nenos e nenas teñen que facer unha pequena canción baseándose nun dos éxitos máis celebrados de *Super Simple Songs*.

Obxectivos da semana:

- Aprender a preguntar os gustos e a responder dita pregunta.

Material necesario:

<https://supersimple.com/song/do-you-like-spaghetti-yogurt/>

Neste enlace poderedes acceder á canción *Do you like spaghetti yogurt?* A canción ten unha estrutura moi simple: primeiro pregunta se lle gusta un alimento e o neon responde que si, logo pregunta se lle gusta outro alimento e o neon tamén responde que si e por último pregunta se lle gusta a mezcla dos dous alimentos e o neno responde que non, e engade a palabra “asqueroso”. Vexamos un exemplo:

Do you like spaghetti? (¿Te gustan los espaguetis?)

Yes, I do! Yes, I do! (¡Sí me gustan! ¡Sí me gustan!)

Do you like yogurt?

Yes, I do! Yes, I do!

But... do you like spaghetti yogurt? (Pero ¿te gusta el yogurt de espaguetis?)

No, I don't! YUCKY! (¡No, no me gusta! ¡QUÉ ASCO!)

Existen varias versión desta canción que poderedes atopar na páxina web. Deíxovos os enlaces porque son unha forma moi sinxela de ampliar o vocabulario acerca dos alimentos.

<https://supersimple.com/song/do-you-like-lasagna-milkshakes/>

<https://supersimple.com/song/do-you-like-pickle-pudding/>

<https://supersimple.com/song/do-you-like-broccoli-ice-cream/>

Actividades:

a) **Tedes que enviarme un audio (ou un vídeo se vos manexades coa tecnoloxía con solvencia) no que o alumno cante unha estrofa INVENTADA seguindo a estrutura desta canción. Axudádelles a elixir unha mezcla realmente asquerosa de ingredientes. Adxunto un audio meu como exemplo. Se tedes dúbidas de como se di un alimento ou como se pronuncia, preguntademe vía Hangouts.**